

## INFORME SATISFACCIÓN PROGRAMAS FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN 2023

### COMPOSICIÓN E IDADE DAS PERSOAS USUARIAS

Fixéronse **321 cuestionarios** (un 15,7% menos que o ano pasado) entre todas as persoas atendidas en 11 dos principais Programas da Fundación, o cal supón un 12% do total de persoas atendidas por eles en 2022 (2667).


Participaron máis homes que mulleres, nas enquisas de satisfacción como se ve na gráfica:

#### Nº TEST POR SEXOS



A distribución de homes e mulleres por áreas de intervención é a que se mostra na seguinte gráfica.

#### Nº PERSOAS ENQUISADAS POR ÁREA DE ACTIVIDADE




A **idade media** das persoas que contestaron aos cuestionarios é a que se mostra na seguinte gráfica, dando unha media de 45,4 anos para os homes e 45,1 para as mulleres, e de **45,6** a media total da Fundación. Esta media foi ponderada en función do maior o menor número de participantes (homes e mulleres) nos cuestionarios dos diversos programas.


Os homes con máis idade déronse na área de Intervención Social cunha media de 51 anos, e as mulleres na área de Igualdade cunha media de 48,4 anos.

Os homes máis novos atopámoslos na área de Intervención en Medio Penal, cunha media de 42,6 anos e as mulleres con 41,5 na de Intervención Social.

### IDADE MEDIA POR ÁREAS DE ACTIVIDADE



A continuación móstranse as medias de idade de homes e mulleres por Área e programa ou proxecto.




As persoas máis novas foron atendidas no Programa Punto Autoempleo Incorpora (PAI) con 33,3 anos de media das mulleres e 36 dos homes, dentro da área de Incorporación Laboral. As persoas con máis idade, no caso dos homes, con 51 anos, foron usuarios do programa Sísifo (SIS), da área de Intervención Social, e as mulleres, con 48,4 participaron nos programas Ciber Empleo (CIB) e Achégate á Rede (ACHE) das áreas incorporación laboral e Igualdade.

## AVALIACIÓN ÍTEMS DOS PROGRAMAS

A avaliación conxunta da satisfacción de todos os Programas da Fundación ofrece os seguintes resultados:

- **Preguntas puntuados positivamente** (aquelas que foron valoradas con Satisfacción Moi Alta e Alta)

### CUESTIÓN VALORADAS POSITIVAMENTE




Respecto aos ítems cun 100% de satisfacción **“Moi Alta”**, 4 son do programa PAI (Punto Autoempleo Incorpora), todos cun 100% de satisfacción: “Explicación do programa”, “a axuda e información sobre trámites...”, “O tempo entre citas”, “Información recibida microcrédito...” e “Utilidade do programa para por en marcha a idea de negocio..”; En segundo lugar, con nivel de satisfacción **“Alta+Moi Alta”**, encontramos 3 do Programa Sísifo (Programa de redución do dano), “Funcionamento dos servizos do programa...”, “Axuda recibida para elaboración CV...”; en terceiro lugar, con 3 están os programas Incorpora (INC), o Servizo de Orientación Laboral (SOL) e o programa Plan Integrado de emprego (PIE) con outros 3 como son “A información recibida sobre recursos...” e “O tempo entre citas...” e “A coordinación con outros recursos...”; En cuarto lugar con 1 aparece COR (Corno Integral Empresa de Inserción) cun 76% satisfacción moi alta “O grao de motivación.

- **Preguntas puntuadas negativamente** (aquelas que foron valoradas con Satisfacción Moi Baixa e Baixa)


**CUESTIÓNS VALORADAS NEGATIVAMENTE**

(En case todos os Programas)



Respecto aos cuestións xerais que inclúen a maioría dos programas, o que peor valoración ten con máis do 6,39% de satisfacción “Baixa+Moi Baixa” é “As instalacións físicas...”, coa excepción do programa Sísifo; seguido cun 3,41% “A utilidade do programa para a túa incorporación sociolaboral...” e que se da en todos os programas menos en Sísifo (que non contempla esta cuestión) e o Punto Autoemprego. En terceiro lugar puntúase “A utilidade do programa para a mellora da túa situación personal (capacidades, habilidades, relacións, autoestima,...)” co 2,49%.

**CUESTIÓNS VALORADAS NEGATIVAMENTE**  
(en **ALGÚNS** PROGRAMAS)



Por programas, con satisfacción “Baixa” e “Moi Baixa”, vemos que Ciber e Achégate, e os programas de intervención no Medio Penal (Itinere, Reincorpora e Apoio a Inserción Sociolaboral en Medio Penal) encabeza a lista con 4 cuestións valoradas; en segundo lugar con 3, se atopan Cormo (Empresa de Inserción), da área de Incorporación Laboral e Sísifo da área de Intervención Social. Se analizamos os resultados por áreas temos:


- Na **área de Intervención no Medio Penal**, nos programas **Itinere** (ITI), **Reincorpora** (REI) e **Apoio a Inserción Sociolaboral en Medio Penal** (AISMP), tres das catro cuestións alcanzan unha satisfacción “Baixa” cun 6,4% “O número de citas ou entrevistas realizadas polas profesionais”, seguido cun 5% “A información proporcionada sobre formación, emprego, cuestións penais, recursos sociais, etc.”, un 4% “A información recibida na entrevista de acollida...”; e con satisfacción “Baixa” e “Moi Baixa” cun 4% “A utilidade do programa para incorporación a sociedade...”.
- Na **área de Incorporación Laboral**, por ter cuestións distintas nos cuestionarios separamos os resultados dos programas: **Ciber Emprego** (CIB) onde se dan 4 cuestións, dous delas con satisfacción “Baixa” ambas cun 3,4% “Os elementos materiais relacionados co servizo...” e “A axuda recibida para facer CV, cartas...”; e con satisfacción “Baixa+Moi Baixa” cun 4,6% “A explicación do uso do correo electrónico e busca de emprego por Internet”, e un 2% “O beneficio do uso do ordenador para a busca de emprego”. O programa **Cormo** (Empresa de Inserción-COR) ten 3 cuestións valoradas con satisfacción “Baixa” todas elas cun 6,7%: “Maquinaria, ferramentas...”, “A existencia de medidas de conciliación”, e por último “A información recibida sobre promocións e postos de traballo...”.
- Na **área de Intervención Social** o programa **Sísifo** (SIS) ten 3 cuestións valoradas con satisfacción “Baixa”, destaca cun 8% “Axustáanse os horarios de atención ás túas necesidades”, e os dos seguintes coa mesma valoración dun 6,2% a “Unidade móbil (furgoneta) ou as...”

instalacións (local), mobiliario, iluminación...”, e “Os servizos e a información proporcionada axúdanme a mellorar a miña situación persoal (consumo, exclusión, necesidades básicas, etc.”


- Na **área de Igualdade** o Programa Achégate á Rede (ACHE) 4 cuestións, dous delas con satisfacción “Baixa” ambas cun 3,4% “Os elementos materiais relacionados co servizo...” e “A axuda recibida para facer CV, cartas...”; e con satisfacción “Baixa+Moi Baixa” cun 4,6% “A explicación do uso do correo electrónico e busca de emprego por Internet”, e un 2% “O beneficio do uso do ordenador para a busca de emprego”.

## AVALIACIÓN POR BLOQUES DOS PROGRAMAS


Entendendo que Favorable é a suma dos niveis de satisfacción “Alta+Moi Alta” e desfavorable a suma de “Moi Baixa+Baixa”, se agrupamos por bloques as diferentes cuestións, obtemos co nivel de satisfacción supera en todas as categorías amplamente o 90% establecido como obxectivo, sendo o máis valorado “O trato recibido polos/as profesionais”.



Se agrupamos **por áreas de actividade**, igualmente obtéñense resultados por encima do 90% de satisfacción en todas elas.




Desagregando por áreas de intervención, programas, proxectos os resultados son os seguintes:



## COMPARATIVA POR BLOQUES PERÍODO 2021-2023


Comparando a valoración obtida polos diferentes bloques nos últimos tres anos, obsérvase que todos os bloques están moi por encima do 90%, obxectivo de satisfacción fixada pola entidade, e destacando entre todos o bloque Trato recibido.



## PROGRAMAS: SATISFACCIÓN BLOQUE FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN


As persoas enquisadas valoraron á Fundación Érguete de forma positiva, nos ítems relativos á entidade, que aparecen nos cuestionarios respectivos de cada programa. Todos os ítems están por encima do obxectivo do 90%.

A gráfica mostra os datos agrupados en Positivo a suma das satisfaccións “Alta+Moi Alta” e Negativo suma “Moi Baixa+Baixa”. sendo o máis valorado con máis do 99% “A atención recibida polo persoal da organización”




A seguinte gráfica agrupa estes resultados por área de intervención:





Aquí desagreganse as cuestións anteriores por área de intervención e programa. Catro programas dan a máxima satisfacción, e obsérvase a valoración máis baixa procede das persoas usuarias do programa Incorpora, estando os seis restantes moi por encima do 90% valor obxectivo definido pola entidade.




## PUNTACIÓN XERAL DOS PROGRAMAS DA FUNDACIÓN 2022


A valoración media global dos Programas da Fundación é de **9,5** en una escala de 1 a 10.

A área de intervención con maior valoración foi Incorporación Laboral cun 9,6, s. Todas ás áreas alcanzan ou exceden o 9.

### VALORACIÓN MEDIA PROGRAMAS POR ÁREAS DE ACTIVIDADE (Escala 1-10)



O Programa/proxecto máis valorado foi Punto Autoemprego (PAI) Incorpora cun 10, seguido da empresa de inserción Cormo (COR) cun 9,9, en terceiro lugar están coa mesma puntuación 9,4 o Ciber Empleo e o Servizo de Orientación Laboral (SOL). O resto alcanzan o 9 ou por encima do 9 sobre 10.



## RESPOSTAS DE LIBRE OPINIÓN

As seguintes gráficas recollen o máis valorado, o que se podería mellorar e outras suxestións dos programas máis representativos da Entidade en 2023. Tendo en conta que cada persoa pode dar varias respostas, pero non todas as persoas contestan a esta parte do formulario, o resultado dos 321 cuestionarios cubertos da o seguinte reparto de cuestións de libre opinión:


- O que máis me gustou: 217
- O que se podería mellorar: 58
- Suxestións: 24

Os resultados obtidos exprésanse en % e están ponderados en relación a os seus programas e o total da Fundación.


## O que máis me gustou dos cursos 2023

As 217 opinións vertidas neste apartado repártense por programas da seguinte maneira, segundo estean agrupadas por Áreas de Intervención ou Programas:

### Participación Áreas de Actividade




### Participación por Programas



Destaca como o máis valorado en **todos os programas** “O trato do persoal: respecto, confianza, paciencia, amabilidade, calidez, comprensión, claridade atención, implicación e interese”, cun **49,7%**. O resto de puntuacións repártense entre as cuestións que mostra a gráfica seguinte.


### O QUE MÁIS ME GUSTOU PROGRAMAS



### O que se podería mellorar dos Programas 2023


Das 58 opinións vertidas neste apartado a maior parte corresponde a área de Intervención Social.

### Participación Áreas de Actividade




Se agrupamos por programas, e opinións repetidas en diversos programas, danos un 32,7% procedentes de Incorpora, Cormo, Reincorpora e Sísifo, se valoramos o resto de cuestións de maneira individual temos un 20% procedente de persoas usuarias de Sísifo, seguido de Cormo cun 14,6% e Incorpora cun 14,6%.

### Participación por Programas



Entre as cuestións a mellorar, varían segundo os programas, destacando en INC+COR+REI+SIS con algo máis do 32% “Mellora das instalacións/ un local”. En segundo lugar cun 12,7% en INC “Máis ofertas” e en terceiro lugar cun 9% “Maior duración do contrato” que se da en Cormo, a empresa de inserción. O resto de opinións pódense apreciar con detalle na seguinte gráfica:

### O QUE SE PODERÍA MELLORAR PROGRAMAS




■ INC-COR-REI-SIS  
 ■ COR-SIS  
 ■ SOL-ACHE  
 ■ CIB  
 ■ INC  
 ■ COR  
 ■ SIS  
 ■ ACHE

## Suxestións 2023


As 24 opinións vertidas neste apartado se distribúen case por igual entre a Área de Intervención Social e a de Incorporación Laboral.

### Participación Áreas de Actividade




Desagregado pro Programas o resultado é o seguinte:

### Participación por Programas



Das 24 suxestións, un 33% proceden de Incorpora, Servizo Orientac. Lab. e Achégate en teñen que ver coa realización de “máis formación, capacitación”, síguelle cun 25% “dar comida e reparto de alimentos do programa Sísifo e en terceiro lugar, cun 8,3% a “posibilidade de facer prácticas” do programa Incorpora. O resto repártense como se mostran na gráfica:

### SUXESTIÓNS PROGRAMAS



■ INC-SOL-ACHEGATE   
 ■ SÍSIFO   
 ■ INCORPORA   
 ■ SER.ORI.LAB.   
 ■ REINCORPRA.   
 ■ ACHÉGATE